

DECRETO DA ALCALDÍA 478/08
Expte. RE-152/2008; C-01/08

Visto que mediante Decreto da Alcaldía 407/08, de 16/5/2008 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de **“AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE A LAXE – ACUÑA (VILABOA), CANABAL (FIGUEIRIDO) E PAZOS (SAN ADRIÁN DE COBRES)”**, correspondentes ao PPC-2008 por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data de 5/6/2008 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta os aspectos de negociación e o informe técnico incorporado ao efecto, realizou proposta de adxudicación a favor da empresa **“EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.”**

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar as competencias delgadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Declarar válido o acto de licitación.

TERCEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de **“AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE A LAXE – ACUÑA (VILABOA), CANABAL (FIGUEIRIDO) E PAZOS (SAN ADRIÁN DE COBRES)”**, correspondentes ao PPC - 2008 por importe de 60.000 € e un prazo de execución dun mes, á empresa **“Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L.”** de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

CARTO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios do contrato.

QUINTO. Notificar e requirir a **“Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela S.L.”**, adxudicatario provisional do contrato, para que constituía, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa a garantía definitiva do contrato que ascende a 2520 €(dous mil quinientos vinte euros).

SEXTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa.

SETIMO Ratificar este Decreto na próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase

desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Vilaboa, 6 de xuño de 2008
O Alcalde

Jose Luis Poceiro Martínez

